

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 21 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 16 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5a e 6a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5b-5e, 6b-6e, 9b-9d, 10b-10d e 11b)
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11a)
D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. /presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

Lémbrese aos membros da Mesa que na sesión do 7 de xuño de 2021 acordouse "Non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto" e formular proposta ao órgano de contratación para declarar deserta a licitación.

En consecuencia, a Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de xuño de 2021, a proposta da Mesa de Contratación de data 7 de xuño, acordou: "Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto”.

Tras a publicación e notificación deste acordo aos interesados, o 11 de xuño de 2021 recibíuse no Servizo de Contratación correos electrónicos remitidos por ESERGUI DISTESER, S.L e GASÓLEOS AMIGO, S.L. nos que achegaban xustificantes de entrega da documentación requirida dentro do prazo concedido. Así mesmo, GASÓLEOS AMIGO, S.L. presenta novamente con data do 14 de xuño de 2021 a documentación xa remitida en prazo o 31 de maio así como o xustificante do Rexistro de presentación da documentación.

Á vista dos referidos correos o Servizo de Contratación solicitou informe ao Servizo de Administración Electrónica.

Entrégase aos membros da Mesa informe emitido polo técnico medio de Sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 16 de xuño de 2021 no que se constata que os tres licitadores que concorreron a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido.

En base ao anterior, a Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de maio de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 24 do mesmo mes.

Terceiro.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



con data do 27 de maio de 2021 procedeu á apertura do sobre que contén a documentación persoal e a proposición avaliable mediante fórmula e acordou, á vista da documentación presentada, *"conceder un prazo de tres días aos tres licitadores presentados para que poidan emendar a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

- *CODISOIL, S.A.: deberá presentar un novo DEUC porque o presentado está incompleto (só constan as páxinas impares) e non se pode comprobar se concorre con solvencia de terceiros (parte II), se cumpre ou non todos os motivos de exclusión (parte III) así como os criterios de selección (parte IV). Así mesmo, deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-.*
- *ESERGUI DISTESER, S.L.: deberá presentar un novo DEUC porque no presentado non consta que posúa a habilitación profesional esixida no PCAP. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación deste documento indícase que pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta da parte IV "Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.: deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-".*

Rematado o prazo concedido para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, ningún dos licitadores presentou documentación, polo que a Mesa, na sesión do 7 de xuño de 2021, acordou por unanimidade, *"non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto".*

Cuarto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de xuño de 2021 adoptou o seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de suministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto".

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado aos interesados o 11 de xuño de 2021.

Quinto.- Tras a publicación e notificación deste acordo aos interesados, o 11 de xuño de 2021 recibíuse no Servizo de Contratación correos electrónicos remitidos por ESERGUI DISTESER, S.L e GASÓLEOS AMIGO, S.L. nos que achegaban xustificantes de entrega da documentación requirida dentro do prazo concedido. Así mesmo, GASÓLEOS AMIGO, S.L. presenta novamente con data do 14 de xuño de 2021 a documentación xa remitida en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

prazo o 31 de maio así como o xustificante do Rexistro de presentación da documentación.

Sexto.- Previa solicitude polo Servizo de Contratación, con data do 16 de xuño, o técnico medio de Sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica emiten o seguinte informe:

"Segundo consta nas nosas bases de datos municipais, informamos que:

- A solicitude con código W556049-8669 presentada pola empresa GASOLEOS AMIGO SL con CIF B36736049, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo e selada mediante o selo electrónico de Rexistro Xeral o día 31/05/2021 ás 15:36:54.

- A solicitude con código W556124-3452 presentada pola empresa ESERGUI DISTESER SL con CIF B95799664, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo e selada mediante o selo electrónico de Rexistro Xeral o día 31/05/2021 ás 18:14:35.

- A solicitude con código W557064-6550 presentada pola empresa CODISOIL SA con CIF A79322947, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo o día 02/06/2021 ás 11:47:38.

Por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ó sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas".

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 21 de xuño de 2021 aceptou por unanimidade o informe emitido polo técnico medio de Sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 16 de xuño.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Corresponde á Mesa de Contratación tanto a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que se refiren os artigos 140 y 141, e a exclusión, no seu caso, dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento, previo trámite de emenda (artigo 326.2a da LCSP), como a proposta para declarar deserta a licitación (artigo 22.1g do RLCSP).

Téndose constatado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados á licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero *"Por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ó sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas"*, constátase, á súa vez, o erro no acordo da Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2021 sobre non admisión dos tres licitadores



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentados por no presentar a documentación requirida en prazo e da proposta formulada ao órgano de contratación para declarar deserta a licitación por este motivo.

En base ao anterior, procede retrotraer o procedemento ao momento de cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos sen que en ningún caso se poida ver comprometida a imparcialidade e obxectividade do órgano de contratación posto que unicamente procede comprobar se os licitadores emendaron correctamente a documentación requirida e, posteriormente, valorar as proposicións avaliáveis mediante fórmula abertas na mesma sesión que a documentación persoal ao tratarse dun procedemento aberto simplificado no que unicamente se valoran criterios avaliáveis mediante fórmula.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Retrotraer o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) ao momento da cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos ao terse informado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ao sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas".

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 9 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliábel mediante xuízo de valor". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír a MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L. e PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vertical o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Foxos – Teis" (710-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical o 15 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (25.103-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G desta FEC	Incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-)
1	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	7,00%	15
2	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	20,00%	15
3	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	10,09%	15
4	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	3,50%	0
5	FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES	8,00%	15
6	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	4,50%	15

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. José Luis Rey Parente, con DNI. **.44.46*, en representación de Colegio Los Milagros S.L.; D^a. Carmen Villaescusa Rodríguez con DNI **.36.39*, en representación de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.; D^a. María Isabel de Mejuto, con DNI **.17.03*, en representación de ANA NAYA GARCÍA, S.L.; D^a. Marta Fernández Otero con DNI **.91.13*, en representación de Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	128.039,30 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	135.819,75 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	124.898,27 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	133.576,96 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	147.017,53 €
6	ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO, S.L.	124.630,00 €
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	134.315,82 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI nº **.07.82*, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Penís de Abaixo" (705-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	62.454,56 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	67.683,99 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	63.575,53 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	61.486,09 €
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	64.130,00 €
6	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	62.918,18 €
7	NAROM, S.L.	61.094,80 €
8	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	61.493,91 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI nº **.07.82*, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa dos Foxos – Teis" (710-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	43.403,41 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	48.472,60 €
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	44.588,49 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI nº **.07.82*, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa do Areeiro" (712-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	123.861,96 €
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	128.993,20 €
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	119.107,39 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	123.911,72 €
5	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	120.400,86 €
6	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	115.211,56 €

Asiste á apertura D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI nº **. *07.82*, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión-FEDER Vigo Vertical, a técnica de Xestión da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Investimentos o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade o referido informe e acorda propoñer a exclusión de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 16 de xuño de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a GRUPO CONSIDERA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 9 de xuño de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	90,40 puntos
2	INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L.	69,35 puntos
3	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	67,98 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
4	DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.	66,79 puntos
5	UTE EVERIS INGENIERÍA, S.L.U. - SERVICIOS INTEGRALES DE CONTRATACIÓN E INTERMEDIACIÓN DOMINUS, S.L.	62,82 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (B-87.798.146 e B-85.097.962), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO, S.A.U.	98,05
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	81,11
3	CONSTRUCCIONES OREGA	81,09

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,19
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	95,32
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,89
4	UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES S.L.	93,13
5	ORECO, S.A.U.	91,62
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,17
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	88,69
8	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	77,05
9	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	73,38

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Rosal" (788-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	92,71
2	UTE EXCAV. Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	91,08
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	88,63
4	MONTAJES J.M.IGLESIAS, S.L.	88,32
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION Y EDIFICACION Y VIALES, S.L.	85,73
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	84,90
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	82,97

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aceiro inoxidable (48.997-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 16 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 30 de abril de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 121.000,00€, que inclúe un IVE de 21.000,00€, o cal se imputará á partida 1710.6190003 "Recuperación de zonas verdes e P. Públicos", do vixente orzamento 2021.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo unitario ml. valado aceiro inoxidable AISI 316L instalado
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	238,85 €
2	LAPATIÁN, S.L.	247,38 €
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	251,50 €
4	HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	258,64 €
5	FRANCISCO EIRAS IGLESIAS	261,60 €
6	OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.	280,55 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

➤ *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



FEC.

- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 14 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida nas datas 15 e 16 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 11 de xuño de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- *Sesión do 31 de maio de 2021: a Mesa acorda non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:*
 - *JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE) (por non emendar correctamente a documentación persoal)*
 - *GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (por non presentar a documentación requirida para a emenda da documentación persoal dentro do prazo concedido)*
 - *SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS (por non presentar a documentación requirida para a emenda da documentación persoal dentro do prazo concedido)*
- *Sesión do 14 de xuño de 2021: a Mesa acorda excluír deste procedemento a PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade e non ter presentado a documentación requirida dentro do prazo concedido para o efecto.*

2. Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) por un prezo total de 121.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.000,00 euros, e cun prezo unitario do metro lineal de valado de aceiro inoxidable AISI 316L instalado de 238,85 euros (IVE incluído).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lémbrese que na sesión do 10 de xuño de 2021 acordouse conceder ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., S.L. un prazo de tres días para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica. Durante o prazo concedido, o 14 de xuño, o licitador presentou documentación.

Presente na sesión o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, D. Juan Manuel Sánchez González, informa que, revisada a documentación presentada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., se constata que a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



solvencia técnica acreditada non é suficiente segundo os requirimentos do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

En base ao anterior a Mesa considera que o ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. non cumprimentou adecuadamente o requirimento no prazo concedido, polo que se entende retirada a súa oferta e acorda requirir a mesma documentación ao licitador clasificado en terceiro lugar.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 23 de abril de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en terceiro lugar, CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U. (B-27.812.361), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 03:49	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A146-C3DA3H-32A45H-APTAP9-526NX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		